

Suxestión á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, Servizo de Avaliación Ambiental de
Plans e Programas

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal do concello de Vigo

Promotor: Concello de Vigo

Expediente: 2020AAE2445

Código web: 2321/2020

Datos alegante:

Nome: Asociación Vigo Industrial

Nº no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra: 2020/023987-1ª

NIF: G01731025

Enderezo a efectos de notificación: Estrada de Fragosiño nº 27


CP: 36214

email: p.i.riadevigo@gmail.com

Datos representante:

Nome: Daniel Uxío Reinoso Maset

DNI: 36161298-p



Eu, Daniel Uxío Reinoso Maset, veciño empadroado no Concello de Vigo, tesoureiro e coordinador da Asociación Vigo Industrial, en representación desta asociación que ten como obxecto principal "Definir e difundir o patrimonio industrial dos concellos que conforman a ría de Vigo", presento as seguintes observacións e a suxestión principal de que **nesta revisión do PXOM de Vigo é preciso elaborar un novo catálogo de patrimonio histórico e non unha simple "revisión" de "varios erros" do catálogo do PXOM do 2008**, tal e como expón o borrador no apartado "3.3. Patrimonio".

O catálogo do 2008 non só ten eivas debido a súa necesaria actualización polo transcurso dos anos e os pequenos erros de identificación tal e como é dito neste apartado 3.3. do borrador, senón que este **catálogo do 2008 é moi deficiente tanto en aspectos metodolóxicos como en moitos outros erros, e aínda por riba, na revisión feita a este catálogo presentada neste borrador do PXOM hai un gran número de novos erros de consideración e, se sigue a deixar fóra da protección do catálogo importantísimos elementos do noso patrimonio industrial**, como son o edificio principal de Santa Clara, a cheminea da fábrica da Coutada Nova, as naves de MOAHSa, a antiquísima fábrica de La Cristina, o edificio da Iberia Gallega en Guixar... e moitos outros.

Para xustificar esta necesidade de facer un novo catálogo, nós sinalamos as seguintes circunstancias:

1º) **O modelo das fichas do 2008 é pobre e ineficiente**, impedindo que se recolla a complexidade e riqueza de moitos elementos do noso patrimonio, especialmente os de tipo industrial. Princiamente, atopamos as seguintes deficiencias nestas fichas

- **Escasa información gráfica.** Apenas inclúe unha fotografía do exterior do elemento e un plano de tipo catastral e non técnico.
- **Pobreza na descripción**, xa que o espazo do texto é de extensión escasa, e aínda por riba, neste escueto texto abundan as referencias estilísticas pero escasean os datos sobre a materialidade do mesmo (dimensións, materiais, formas, número de pezas que compoñen o elemento,...).

Cunha soa fotografía e este tipo de planos e descripción, non se pode identificar e menos definir satisfactoriamente un elemento complexo, como por exemplo o é a conserveira da Alfageme, composto de varios edificios e outros elementos como chemineas, depósito de auga, tubaxes industriais, muros de feche e portalóns, espazos abertos, marquesiñas,...

Como proba das complicacións prácticas que implica o déficit do catálogo do 2008 e a insuficiencia da súas fichas, adxuntamos a nosa solicitude presentada recentemente perante a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo (anexo 1) para solicitala protección integral do complexo da conserveira de Alfageme, e a resposta recibida por parte desta administración, na cal aseguran que a nosa petición non é



pertinente xa que “de acordo coa normativa vixente, a coñecida edificación atópase actualmente catalogada e conta cun nivel de protección ambiental” (anexo 2), cando na descripción da ficha (anexo 3) só se fala do “Edificio proxectado o ano 1928 (sic) polo arquitecto galeguista Manuel Gómez Román”, que debe facer referencia ao edificio principal rematado en 1935, sen que quede claro sequera se a nave anella, ampliada no ano 1939, con proxecto deste mesmo arquitecto, está tamén protexida por este catálogo do 2008 (e polo tanto semella que podería continuar esta indefinición no actual PXOM)

2º) Tanto nas identificacións feitas nas listas de elementos catalogados que aparecen no apartado 3.3 do Tomo I do borrador como nos planos do catálogo anexados neste borrador hai un **gran número de erros, erratas, duplicidades e incongruencias**. Sinalaremos aquí algunha delas para facer unha idea da dimensión da chapuzada:

- Nos planos do borrador do novo PXOM os puntos **I-009** (Fachada A Metálica), **I-010** (fábrica Ribas), **I-011** (Talleres Mecánicos) e **I-012** (conserveira Virzi) están duplicados, sen quedar claro se é unha errata ou é que baixo ese nome e código se están a protexer dous edificios destes elementos compostos por varios volumes.

- Esta confusión anterior vese magnificada xa que tamén hai ubicacións erróneas e desplazadas. Así, nestes planos o punto **I-002** (Adegas Bandeira) atópase desplazado varios quilómetros ao norte, ubicándose sobre un edificio anexo ao asilo de los Hermanos Misioneros de los enfermos pobres en Teis, ou tamén atopamos que o punto **I-003** (Depósito de Auga de Emavisa), que con ese nome quizais debería estar nos depósitos do Castro, ou quizais nos depósitos da antiga EMAVISA da rúa Cantabria, é situado na Avenida de Ramón Nieto na antiga casa do Concello de Lavadores. Algo semellante ocorre co punto **A-025**, que no mapa aparece situado sobre o primeiro edificio erixido nos anos 1950 pola J.O.P. para armadores, en Beiramar, mentres que na lista o código **A-025** correspóndese ao edificio do Clube de Remo da Guía. Tamén é unha confusión grave o caso do punto **I-008** (Fachada do Edificio La Artística 2), que aparece situado sobre o edificio de formigón de La Artística, erixido cara 1938; mentres que no catálogo do 2008 baixo o nome xenérico de “Fachada do Edificio La Artística 2” protexíase o edificio de pedra deseñado anos antes por Jacobo Esténs, que se atopa uns 100 metros ao sur.

3º) No apartado “3.2.4. Valores paisaxísticos”, faise un **valoración errónea ou desprezo do valor das “paisaxes industriais e portuarias” viguesas**, posto que se di que estas non teñen “unha gran valoración social dende o punto de vista estético” (aínda que se recoñece que “son creadoras da identidade da cidade”), cando a realidade social e cultural de Vigo mostra xusto o contrario, xa que moitos elementos do noso patrimonio industrial e portuario son recoñecidos como elementos de gran valor estético e un referente para múltiples obras de arte e cultura. Este recoñecemento do valor estético do patrimonio industrial e portuario



vigués incluso é en parte compartido polas propias administracións públicas nalgúns casos. Así, o propio concello de Vigo ten tratado dúas pezas do noso patrimonio industrial, o arrastreiro Bernardo Alfageme e o guindastre tipo Derrick que serviu no peirao de traslánticos, como pezas escultóricas, colocándoas no centro das rotondas da Avenida de Castelao e a Praza da Conserva. Por certo, ningún dos dous elementos aparecen como elementos a conservar no catálogo do 2008, nen na actual revisión.

Por todo isto, coidamos que é preciso realizar un novo catálogo do noso patrimonio cultural, con especial atención ao patrimonio industrial. E **dada a mostra da incompetencia do equipo redactor, consideramos que é preciso que esta elaboración dun novo catálogo se faga de xeito participativo**, involucrando as asociacións veciñais e aquelas relacionadas co patrimonio cultural coma a nosa, así como organos consultivos que comprende a lei coma as universidades galegas.

En Vigo, o 10 de agosto de 2020.

